



-P. V- Maruxiña e maillo gaiteiro.

59.

(b)

1) "Maruxiña, Maruxiña
oxe veñoche pedir-e
de tanto como che quero
sin ti non podo vivir."

(5) $\frac{V}{-} 23$
 $\frac{V}{-} 68_c$

CD 33, 10

Mazaricos I, 2, Suevos, nai e filla, Xaneiro 1979

- P. V - Maruxiña e maillo gaiteiro.

I,2, -P.V-

2) "Pois por muito que me queres
moito más che eu quero a ti
todo o día e toda a noite
sempre estou pensando en tí."

(5)

3) "Pois agora Mariquiña
tranquila podes estar
porque se teu pai nos deixa
pronto nos imos casar."

4) "Por meu pai non hai cuidado
o mais malo é miña nai,
xa dixó que me mataba
antes deixarme casar."

5) "Miña nai xa ven aquí
está metendo no ghando
falalle con cuidadísimo
que ten un xenio moi malo."

6) "Boas tardes miña soghra
veñolle pedi-la filla
se ma dá sentome un pouco
se non marchome axiña."

7) "Eu a filla non cha deu-e
non teño que che facer
que ti és moi folgazán
e non ma sabes manter."



- 8) "Eu teñolle un bo oficio
xa sabe que son ghaiteiro
e ando de festa en festa
ghanando moito diñeiro."
- 9) "A tua ghaita Farruco
ten a miña filla tola
que non come nin traballa
sempre pensando na boda."
- 10) "Pois pra poñela tranquila
hai que deixala casar
despois de casadiña
ghaita non lle ha de faltar."